

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

## 1. Introdución

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudiantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacóns que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prejuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refirese á producción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita.

Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o séptimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», corresponde de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de producción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria»,

recole as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusóns sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

A asignatura de lingua castelá e literatura de 1º ESO contribue de xeito esencial a crear hábitos de lectura no alumnado así como ao desenvolvemento da súa capacidade oratoria (a través do itinerario lector e das exposicións realizadas no contexto da aula).

Ademáis, neste primeiro curso da ESO, participarase no proxecto coordinado pola biblioteca do centro e respetaranse os acordos cos distintos departamentos de linguas do centro recollidos no Currículum Integrado de Linguas.

## **2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias**

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principales e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.		3		1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	As linguas: a Torre de Babel	Analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prexuízos lingüísticos.	8	6	X		
2	A comunicación	Dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas.	8	8	X		
3	Introducción á literatura: a lírica	A lectura progresivamente autónoma de textos procedentes do patrimonio universal supón un obxectivo primordial da materia de Lingua Castelá e Literatura. Para que o alumnado utilice eficazmente estratexias e paradigmas aplicables á análise das obras, é necesario dedicar unha unidade introductoria ao recoñecemento dos recursos expresivos e aos seus efectos na recepción como unha característica fundamental da linguaxe literaria. Por iso, esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Ademáis nesta unidade estudaremos algúns dos tópicos más relevantes da lírica española (carpe diem; collige, virgo, rosas; beatus ille; locus amoenus; tempus fugit; ubi sunt?) así como as características do xénero lírico e algúns dos seus subxéneros.	14	15	X		
4	Morfoloxía: o misterio das palabras	Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, os seus tipos, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas.	20	18		X	
5	Narrativa: cóntame un conto	A narración é un xénero que xerou moitas análises desde os antigos retóricos ata a actualidade. E non é estralo: as formas narrativas -ficcións ou relatos reais que explican un feito interesante- acompañánnos desde os contos na nenez	10	14		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
5	Narrativa: cóntame un conto	ata a lectura das noticias xornalísticas. Por iso, é importante que practiquemos tanto a súa correcta expresión como a súa axeitada comprensión.	10	14		X	
6	Medios de comunicación: atrapados na rede	Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de internet. Esa posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer. Traballaremos os tipos de texto asociados aos medios de comunicación.	10	8		X	
7	Escribir a natureza	Este proxecto céntrase na descripción da natureza máis próxima: paisaxes, fauna e flora da comarca. Tomando como modelo algúns clásicos literarios, o alumnado elaborará por grupos as súas propias propostas e terá que presentalas na clase. Trataremos de contar ca colaboración do departamento de Ciencias naturais e do de debuxo.	10	8			X
8	As relacóns das palabras	Utilizamos continuamente a lingua e debemos reflexionar sobre ela. Nesta unidade estudaremos as distintas relacóns semánticas e sintácticas que se presentan na lingua.	10	14			X
9	Teatro á escena	Un dos propósitos fundamentais da Educación literaria reside na construcción dunha identidade lectora sólida. Para logralo, é esencial a configuración dun corpus formado por obras rexistradas en itinerarios xenéricos. Dedicaremos, por tanto, esta unidade ao estudo das principais características do xénero dramático.	10	14			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	As linguas: a Torre de Babel	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as lingua s oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as lingua s oficiais de España e comparar os trazos característicos básicos do galego e do castelán.	PE	45
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar os usos discriminatorios da lingua	TI	55
CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escucha activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais con actitude de escuta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo.</li> <li>- As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal.</li> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A comunicación	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información más relevante dos textos orais e multimodais.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información más importante.	PE	35
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	Explicar brevemente a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado ten que recoñecer o tema e as ideas principais de textos alleos e ser quen de achegar o seu punto de vista persoal.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos orais breves, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificar usos discriminatorios da lingua		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos narrativos e descriptivos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.	TI	65
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	O alumnado realizará unha escucha activa, respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta o problema e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluirá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Como mínimo, o alumnado detectará os errores formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Análise das componentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.</li> <li>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Elaboración de textos orais tendo en conta as componentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> <li>- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos,</li> </ul>

## Contidos

- esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Introducción á literatura: a lírica	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar o contido de textos multimodais sinxelos	PE	50
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quien de producir textos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado amosará vontade de estilo na creación de textos de intención literaria.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos literarios escritos.		
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonante a configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicará as relacións internas dos elementos constitutivos básicos da obra lida.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Como mínimo, o alumnado detectará os errores formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	O alumnado respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta os problemas detectados e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escucha activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	O alumnado deberá realizar unha escucha activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas.	TI	50
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Elixir textos a partir dos intereses		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumnado participará activamente no obradoiro de lectura, establecendo conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quien de producir textos de intención literaria empregando os recursos expresivos aprendidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.

## Contidos

- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública disponible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuito literario e lector.
- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construcción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construcción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	Morfoloxía: o misterio das palabras	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes en textos narrativos e descriptivos.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a mudança de categoría gramatical dunha palabra mediante a utilización de afixos, a partir da observación e transformación de enunciados.	PE	65
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o diccionario nos restantes casos.		
CA5.1 - Incorporar procedimentos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias e incluirá elementos cohesivos para a correcta organización do contido.	TI	35

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
